

CAMIÑOS NA AUGA

Guía de lectura

Ficha bibliográfica


NÚÑEZ SINGALA, Manuel

Camiños na auga

Edit. Galaxia. Col. Literaria

Vigo, 2016.

296 pp.



Camiños na auga toma como referente temático a trágica situación dos albinos en África, condenados por mor da súa singularidade xenética a unha existencia ameazada por cazadores que os perseguen para asasinalos e, unha vez despezados, comerciar coas distintas partes do seu corpo nun mercado negro que deixa pingües beneficios a estes sicarios, que os matan e venden aproveitándose da superstición e irracionalidade máxica dos compradores.

A historia de Szymo, o mozo protagonista da narración, é, por tanto, o relato dunha fuxida, a da morte segura que o agardaba na súa Tanzania natal, para tratar de chegar a Europa e procurar, así, unha vida posible. O que lle acontece en tal éxodo —cruzando o ecuador africano ata a beiramar do Congo e logo na viaxe dende as costas de Mauritania ata as Canarias— constitúe a cerna destas páxinas.

(Armando Requeixo)

1. ESTRUTURA EXTERNA

O libro consta de vinte e catro capítulos titulados con nomes propios (dun lugar ou rexión, dunha persoa ou dunha embarcación). Remata cos “Recoñecementos”.

2. ESTRUTURA INTERNA

Cap. 1: “Szymo”. Presentación do personaxe. Problemática persoal e familiar. Decisión: a partida. Ritmo rápido (varios anos en pouco espazo)

Cap. centrais (2 a 23) : A viaxe. De África a Europa.

Cap. Final: “Tazacorte”. Desenlace. Estado de ánimo. Futuro.

3. NARRADOR

Narrador omnisciente en 3ª persoa. Coñece o presente, o pasado e o futuro do protagonista. Tamén os soños, temores, pensamentos...

4. ESPAZO

Longo percorrido de África a Europa. Desde o lago Victoria (Tanzania) ata as Illas Canarias. As selvas do Tanganica, do Lukuga, o río Lualaba ou Congo, as cataratas do Boyoma... (Ver mapas)

5. TEMPO

- **Tempo da historia ou tempo externo.** (Época na que se sitúa a historia, data). A narración sitúase nun tempo presente, aínda que non existen referencias cronolóxicas concretas.
- **Tempo do discurso ou tempo interno.** (Duración, orde dos acontecementos.). A historia transcorre durante varios anos. No inicio Szymo ten 12 anos, logo 16 e remata con 17. O paso do tempo vaise marcando con expresións do tipo: “uns días despois”, “os días van sucedéndose”, “dúas horas máis tarde”, “por fin o sétimo día”...
 - Avance lineal. Pero saltos temporais:
 - Analepses ou flashback (páx. 29: “Foi a mellor época da súa vida. Szymo espertaba pola mañá e, aínda mergullado nas arañeiras do sono, lembraba o nome dela: Josephine”)
 - Prolepses ou flashforward (páx. 28) (“O regreso á casa [...] lembranzas que non o abandonarán mentres viva, que rememorará con frecuencia no futuro, moitas veces cunha morriña dolorosa”)

6. PERSONAXES

O protagonista: Szymo. É un personaxe baseado nunha persoa real, Moszy, un inmigrante que en 2009 fuxiu de Benin pola persecución que sufría e polo perigo de morte que corría. (ver “Recoñecementos”)

- Caracterización física: negro e albino (“un negro branco”, “negro despintado”). Mozo estigmatizado por ser negro e albino: “É duro ter a pel branca nun continente negro”. Persecución. Supersticións. *Dili*.
- Caracterización psicolóxica: valente, humano, leal, decidido...
- Obxectivo: “Busco un lugar mellor para vivir. Un sitio onde non ser diferente”.

Nestes enlaces podes ver imaxes de Moszy e coñecer a súa historia real ([1](#), [2](#))

Outros personaxes: Malaika, Jean-Paul, Manyasi, Josephine, Bene, Joao, Sunday, ...

7. NOVELA DE AVENTURAS / NOVELA DE VIAXE / NOVELA INICIÁTICA

- **Novela de aventuras.** Empresa arriscada de resultado incerto. Viaxes, “piratas”, “tesouro”. Unha viaxe por paraxes descoñecidas (selvas, ríos, mar) atravesando media África na procura dunha vida mellor en Europa. A súa fuxida está provocada polas guerras intestinas da África central e polas supersticións sobre os albinos (obxecto de negocio para prácticas rituais). Darán con piratas que cobran cantidades desorbitadas ás súas vítimas e fanos viaxar en fráxiles caiucos. Á procura dun tesouro: unha vida mellor lonxe da miseria e da persecución.
- **Novela de viaxe.** Viaxe extrema: viaxe na procura da supervivencia. Viaxe desde as selvas africanas ata o mar e desde alí a Europa. Lugares, costumes, crenzas, linguas...
- **Novela iniciática.** Viaxe interior/viaxe exterior. Toda viaxe é unha pescuda, en toda viaxe atopamos e aprendemos sempre algo. Aprendizaxe da supervivencia, coñecemento de si mesmo. O protagonista é un rapaz que ten que aprender a sobrevivir en solitario, vai medrando como persoa ata ser dono do seu destino e enfrontarse así á madurez súbita.

8. TEMAS:

- A diversidade cultural e social.
- A emigración: a procura dun mundo mellor. Os refuxiados e “sen papeis” que petan nas portas dunha Europa acomodada, indiferente á súa chamada.
- O dereito á diferenza. Os prexuízos raciais. O racismo.
- Supersticións acerca dos albinos. Persecución.
- A amizade (Jean-Paul).
- O amor (Josephine, Malaika).
- O engano, a traizón.
- ...

ACTIVIDADES

1. Visiona en youtube estes documentais sobre os albinos en África:

“Black man white skin”

(https://www.youtube.com/watch?time_continue=8&v=6jcwCcG8Y-Q

“Los niños albinos en Tanzania” (<https://www.youtube.com/watch?v=z0DYIM67VTc>)

“Los blancos negros” (<https://www.youtube.com/watch?v=mZt8q3ySVN0>)

2. Mira esta presentación sobre o autor e a novela:

<https://www.emaze.com/@AZLFFWLL/camios-na-auga>


Na páxina web do autor podes localizar críticas e comentarios sobre a novela:

<https://www.singala.eu/caminos-na-auga>

3. Na novela hai varios personaxes albinos. Cales? Que lles sucede? Como reacciona a xente ante eles?

4. Analiza os personaxes principais e secundarios.
5. Le o capítulo 1º ("Szymo") e analiza o punto de vista do narrador.
6. En varios momentos aparece unha canción. Que representa? Quen é o seu autor?
7. As linguas africanas. Cales fala Szymo?
8. Analiza os saltos temporais das páxinas 257, 260, 265, 269 (presente-pasado-presente-futuro-presente)
9. Localiza nos mapas os principais lugares do periplo de Szymo.


Lago Victoria. Lago Tanganica. Tanzania, Repu. Congo (Kisangani, Kinshasa, río Lukuga, río Lualaba, Matadi), Mauritania (Nonadhibou, Nouakchort), Angola (Luanda), Illas Canarias (La Palma, Tazacorte)



Cataratas Boyoma ou Wagnia



10. Busca no Googleearth estes lugares.



Non esquezas anotar os teus comentarios no blog da biblioteca:

<http://unhalagoadelibros.blogspot.com>.

Localiza o libro na sección "Os lectores opinan" e comparte a túa valoración desta novela.